



ANEXO B
INFORME DE RESULTADOS DAS ACCIÓNS DE TRANSFERENCIA PARA O APOIO ÁS
ACTIVIDADES DE DEMOSTRACIÓN E INFORMACIÓN AO AGRO GALEGO 2019

Nº DE PROTOCOLO: 2019/145

1.- TÍTULO DA ACCIÓN: SEMINARIO PRÁCTICO: INCREMENTO DA RENDIBILIDADE DAS
EXPLOTACIÓNS LEITEIRAS MEDIANTE A MELLORA XENÉTICA

2.- UNIDADE ADMINISTRATIVA DA CONSELLERÍA ORGANIZADORA:
(centro de investigación/CFEA/OAC...)

CENTRO DE INVESTIGACIÓNS AGRARIAS DE MABEGONDO

3.- LOCALIZACIÓN DA ACTIVIDADE:

Enderezo: CENTRO DE INVESTIGACIÓNS AGRARIAS DE MABEGONDO-CARRETERA DE BETANZOS A
MESÓN DO VENTO, KM 7, 15318 – ABEGODO – A CORUÑA

Concello: ABEGONDO

Provincia: A CORUÑA

4.- RESPONSABLE: MANUEL LÓPEZ LUACES

Tfno.: 881 881 801

5.- INTRODUCCIÓN:

O sector agrario galego é un dos principais motores económicos da nosa Comunidade Autónoma. A actual situación pola que atravesan as explotacións de gando vacún de leite fai obrigado o compromiso de proporcionar instrumentos que permitan incrementar a rendibilidade destas explotacións cunha diminución dos custos de produción e un incremento dos beneficios obtidos nas súas gandeirías.

A mellora xenética é un instrumento importantísimo e infrautilizado que debe promoverse nestas gandeirías por varios motivos:

- Pode incrementarse a mellora da calidade do leite mediante a mellora xenética, incrementando non só a cantidade de kilogramos de leite producidos, senon tamén o seu contido en graxa e proteína. Tamén o contido en compoñentes como as caseínas permitirían obter un leite máis apropiado para queixos, iogures ou requexión, produtos alternativos ao envasado do leite que debería promoverse como PLT (Produtos Lácteos Tradicionais).
- Permite o incremento da lonxevidade dos animais dunha explotación (con diferenza éste é o maior custe dunha explotación: a reposición de animais que é preciso desfacerse deles con idades relativamente baixas)
- Consíguese un incremento da resistencia xenética dos animais as enfermidades: mamites, problemas podolóxicos, enfermidades sistémicas.... o que permite reducir os custos en tratamentos preventivos e paliativos.
- Tamén o incremento da eficiencia na conversión dos alimentos (menor cantidade de alimentos para obter maiores producións coa conseguinte mellora medioambiental pola redución da produción de gases de efecto invernadeiro e menores residuos).
- Coa incorporación da xenómica pode adiantarse a mellora dunha explotación porque é posible predecir con gran fiabilidade as características xenéticas dun animal na súa futura etapa produtiva, o que permite eliminar moito antes animais que non cumpren cós requisitos de produción ou de calidade da produción que podemos necesitar en cada explotación.

É necesario promover a interpretación axeitada da información que se lle suministra ao gandeiro porque pode facerse unha mellor selección dos animais dos que se debe obter a recría. Ademais deberase utilizar a información dispoñible para que do resto dos animais adultos (animais de desvelle, menos produtivos ou que teñen algunha situación sanitaria que os fan non apropiados para criar a súa descendencia) se poidan valorizar os seus produtos mediante, por exemplo, a utilización axeitada do cruce industrial con sementais de razas cárnicas que proporcionen tenreiros con moito maior valor económico que os obtidos por cruce das razas puras.

A utilización da xenómica e das ferramentas TIC nas gandeirías pode supoñer unha vantaxe competitiva se se saben interpretar e utilizar axeitadamente.

6.- MATERIAL E MÉTODOS:

O seminario foi eminentemente práctico e tivo o seguinte programa:

- 10:00 - Presentación e proposta de obxectivos.
- 10:15 - Introducción á mellora xenética: os valores xenéticos, os índices xenéticos e as bases de referencia.
- 11:00 – Conceptos críticos: fiabilidade das probas, herdabilidade dos caracteres e consanguinidade dos apareamentos.
- 12:00 – A selección de reprodutoras na gandería e dos sementais para a inseminación artificial. Obxectivos da selección.
- 13:00 – Interpretación dos catálogos. Probas internacionais.
- 14:00 - Xantar (por conta dos asistentes).
- 16:00 – Probas xenómicas fronte á selección convencional.
- 17:00 – Os apareamentos. Parte 1.
- 18:00 - Pausa
- 18:30 – Os apareamentos. Parte 2.
- 19:30 – Mesa redonda e resolución de dúbidas. Conclusións da xornada.


A actividade publicitouse por diversas canles:

- distribución de carteis en reunións do sector,
- na páxina web do CIAM (<http://www.ciam.gal/sp/index/?r=actividades.detalle&id=1319>)
- nas redes sociais do CIAM (Facebook <https://www.facebook.com/CIAM-647614821935498/>),
- na Web da Organización Colegial Veterinaria Española (<http://www.colvet.es/formacion>)
- na Web de Africor Lugo (<http://www.africorlugo.com/amplia.asp?id=991>)
- correos electrónicos profesionais: colexios de veterinarios de Galicia, OACs, SVOs, cooperativas e asociacións
- <http://www.campogalego.com/axenda-eventos/xornada-tecnica-sobre-mellora-xenetica-en-vacun-de-leite/>
- <https://ovmediorural.xunta.gal/es/actividades-formativas/jornadas-y-talleres>
- <http://cfeaguisamo.org/wp-19/category/fc/>
- <https://fr-fr.facebook.com/groups/cfeaguisamoconecta/>

7.- ANÁLISE DE RESULTADOS:

Na cuarta edición deste seminario, os resultados foron altamente satisfactorios a xuzgar polas estadísticas de satisfacción dos participantes, acadándose por conseguinte os obxetivos plantexados coa actividade.

É de destacar que este ano o número de solicitudes superou amplamente as prazas ofertadas, quedando solicitantes en lista espera, polo que será necesaria unha nova edición para dar resposta á demanda obtida entre técnicos, profesionais e gandeiros.



**SEMINARIO: INCREMENTO DA RENDIBILIDADE DAS
EXPLOTACIÓNS LEITEIRAS MEDIANTE A MELLORA XENÉTICA
(2019/145)**

SATISFACCIÓN	Puntuación media
O grao de satisfacción cos contidos impartidos foi	9
O grao de satisfacción co nivel de coñecemento sobre a materia impartida foi	9
O grao de satisfacción coa experiencia profesional do persoal formador ou relatores foi	9
O grao de satisfacción coas instalacións, equipos e material empregado foi	9
O grao de satisfacción coa atención recibida foi	9
O grao de satisfacción coa organización foi	9
O grao de satisfacción xeral co proceso formativo/informativo foi	9
O grao de dificultade xeral da actividade foi	8

Por que razóns lle interesa este actividade?	Nº participantes
Para iniciar/proseguir a miña formación profesional	10
Para iniciar/progresar no meu exercicio profesional	10
Por indicación da miña empresa	1
Por motivos persoais	4
Outros. Especificar	0

Déronse as pautas para a interpretación axeitada da información contida nos catálogos de valoración dos reprodutores, dos datos das probas xenómicas dos animais, e da información dispoñible nas páxinas web

Tamén se informou en relación á utilización desta información para buscar os apareamentos idóneos para conseguir a mellora dos caracteres de interese (leite, graxa, proteína, lonxevidade, corrección de problemas podais...); para seleccionar os animais idóneos para garantir a mellor reposición posible en cada gandeiría; para aparear estes animais destinados á obtención de reposición cós sementais adecuados; para promover o uso do material xenético galego como material de calidade contrastada; para promover o apareamento con sementais carniceiros có fin de obter becerros de cruces industriais polo seu maior valor económico na venda e a maior calidade carniceira tras o seu cebo, con respecto de becerros de raza frisona pura.

Conseguiuse o obxectivo final: proporcionar información axeitada aos gandeiros para incrementar a rendibilidade da súa explotación co manexo adecuado das ferramentas que brinda a mellora xenética.

8.- RESUMO E CONCLUSIÓNS:

Esta actividade permitiu aos participantes aprender a interpretar axeitadamente a información dispoñible en relación á xenética dos seus animais en función da rendibilidade que esperan conseguir da súa explotación tras a fixación dos obxetivos de mellora da súa explotación.

En resumo a actividade resultou altamente satisfactoria acadándose os obxetivos perseguidos e dada a favorable acollida polos participantes e medios de difusión que se fixeron eco da actividade, cómpre realizar novas edicións que faciliten o acceso a esta formación ao maior número de gandeiros posible dentro da nosa Comunidade.

9.- DATA E SINATURA DO RESPONSABLE:

En ___ABEGONDO___, ___14___ de ___NOVEMBRO___ de 20___19___

O/A responsable



Asdo.: MANUEL LÓPEZ LUACES.